

010574 12.11.2013 08:30

RESOLUCIÓN REITORAL DO 11/11/2013 PARA A REALIZACIÓN DA CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA PARA AS TITULACIÓNS ADAPTADAS AO EEES NO CURSO 2013-14

O Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013, acordou a implantación, a partir do curso 2013-14, dunha convocatoria extraordinaria de fin de carreira para as titulacións de Grao e Máster, conforme as condicións establecidas neste acordo.

A convocatoria de fin de carreira configúrase como unha oportunidade adiantada para que ao alumnado ao que lle falte unha materia do segundo cuadrimestre ou anual a pida superar e previa realización do TFG ou TFM poida finalizar anticipadamente os seus estudos

O citado Acordo recolle que para o curso 2013-14 o procedemento de solicitude aprobarase por Resolución Reitoral e en anos sucesivos incorporarse na Convocatoria de matrícula e que se autoriza á Secretaría Xeral para desenvolver o procedemento de solicitude desta convocatoria extraordinaria e o réxime de actas. Coa presente Resolución desenvólvense estes dous aspectos, tanto o procedemento como do réxime de actas, sen prexuízo das aclaracións ou cambios que sexa necesario engadir.

Para desenvolver o procedemento durante o curso 2013-14, esta Reitoría RESOLVE:

PRIMEIRO.- Solicitantes

1.1 Poderán solicitar a súa inscrición para a realización desta convocatoria o alumnado de Grao e Máster ao que lle falte unha materia ordinaria do segundo cuadrimestre ou anual para rematar os seus estudos e o TFG/TFM.

1.2 Tamén poderán concorrer o alumnado de titulacións en extinción que lles reste unha materia para rematar os estudos e que esta materia estea extinguida e sexa susceptible de ser superada cursando a materia ou materias equivalentes polo grado ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación (DOG 21 de xullo de 2011), sempre que esa materia do grao sexa do segundo cuadrimestre ou anual. Estes alumnos tamén poderán concorrer a esta convocatoria nos seguintes casos:

- a) Cando o alumnado estea matriculado, ademais da materia que lle reste para rematar no Grao, de contidos prácticos dentro do plan de estudos (prácticas externas...) ou de actividades ao marxe do mesmo (programa titores...), sempre que sexan créditos que se van a utilizar ou sexan necesarios para finalizar os estudos.
- b) Cando a materia en extinción teña máis dunha materia equivalente no grao sempre que unha delas sexa do segundo cuadrimestre.
- c) No caso de ser o o primeiro ano que se lles autoriza a realizar a materia polo Grao non se esixirá que tiveran unha previa cualificación de suspenso.

SEGUNDO.- Prazo

O prazo para presentar a solicitude para realizar a convocatoria de fin de carreira será do 20 ao 30 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Solicitudes

As inscricións do alumnado a que fai referencia o artigo 1.1 faranse por procedemento telemático a través da Secretaría Virtual do alumnado.

O alumnado a que fai referencia o artigo 1.2 poderá facer a solicitude de inscrición a través da Secretaría Virtual do alumnado. Estas solicitudes serán posteriormente revisadas, procedéndose á inscrición unicamente das que reúnan os requisitos establecidos na presente resolución. A información sobre se o alumnado está ou non inscrito nesta convocatoria figurará na súa Secretaría Virtual.

Non será admitida a inscrición ao alumnado que teña mais dunha materia pendente para rematar os seus estudos ou que non estea previamente cualificada como suspenso

Non se poderá inscribir en fin de carreira nas materias de prácticas, practicum das titulacións ou os Traballos de Fin de Grao/Máster ou materia asimilables.

CUARTO.- Datos dos exames

Os exames desta convocatoria de fin de carreira serán fixados polos Centros e realizaranse nas datas fixadas para os exames do primeiro cuadrimestre no calendario académico 2013-14.

QUINTO.- Actas

As cualificacións plasmaranse nunha acta de fin de carreira que será unha edición específica da acta ordinaria. As actas serán cubertas polo profesorado responsable da materia no curso 2012-13, cando se trate de alumnos do grado.

Para os alumnos de plans en extinción que cursen materias polo grado, o profesor poderá ser o mesmo ou outro asignado polo Departamento.

As actas abriranse nos mesmos períodos establecidos para a cualificación do primeiro semestre ou cando o determine o calendario académico.

SEXTO.- Efectos

No caso do alumnado que estea matriculado ao abeiro do artigo 13 da Normativa de Avaliación, unha vez superada a materia imputarase no expediente da titulación en extinción.

A materia será sempre imputada ao curso académico no que se superou, sen que en ningún caso poda imputarse ao curso precedente.

No expediente do alumno figurará a cualificación obtida, ou a media das cualificacións obtidas, e a referencia da convocatoria “fin de carreira”.

O alumnado que concorra a esta convocatoria e non a supere non poderá presentarse á primeira oportunidade da convocatoria ordinaria da materia do mesmo curso académico e só poderá presentarse á oportunidade de recuperación. No caso de non presentarse a fin de carreira poderá concorrer ás dúas oportunidades da convocatoria ordinaria.

SÉTIMO.- Prezos

Non procederá o pagamento de taxas nin prezos públicos pola realización nin pola imputación no expediente desta convocatoria.

DISPOSICIÓN FINAL.- O presente acordo/resolución entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC accesible a través da Sede Electrónica da USC.

Santiago de Compostela, 11/11/2013

O Reitor



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL- SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR – SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA – SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDEMENTO – SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN